



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|--|--------------------|------------------------|----------|
| Datos Identificativos | | | | 2022/23 |
| Asignatura (*) | Planificación lingüística | Código | 613836063 | |
| Titulación | Mestrado Universitario en Lingüística Aplicada (2013) | | | |
| Descritores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Mestrado Oficial | 2º cuatrimestre | Primeiro | Optativa | 3 |
| Idioma | Galego | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Letras | | | |
| Coordinación | Peres Vigo, Alexandre | Correo electrónico | alexandre.pvigo@udc.es | |
| Profesorado | Peres Vigo, Alexandre | Correo electrónico | alexandre.pvigo@udc.es | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | Estudo do concepto de planificación lingüística e da súa aplicación contemporánea á lingua galega. | | | |

| Competencias do título | |
|------------------------|---|
| Código | Competencias do título |
| A1 | Coñecemento dos principios básicos, as técnicas fundamentais e algúns resultados destacados da investigación actual en lingüística. |
| A7 | Capacidade para aplicar os coñecementos lingüísticos adquiridos aos problemas do mundo profesional (docencia, asesoramento e mediación lingüística, tradución, lexicografía, planificación lingüística...). |
| A8 | Obtención dun nivel de formación teórica que permita comprender e vulgar criticamente a bibliografía lingüística especializada. |
| A9 | Capacidade para xestionar os recursos lingüísticos e a información lingüística para propósitos académicos e de investigación (identificación e acceso a bibliografía, utilización apropiada de recursos e equipamentos, utilización de tecnoloxía para rexistrar datos, manexo de bases de datos, etc.) |
| A10 | Capacidade no manexo das diferentes tecnoloxías lingüísticas que conforman a actual sociedade do coñecemento: dicionarios electrónicos, correctores e tradutores automáticos, e sistemas de aprendizaxe de lingua asistida por ordenador. |
| B1 | Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación. |
| B2 | Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en ámbitos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo. |
| B3 | Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos. |
| B4 | Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións ?e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan? a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüidades. |
| B5 | Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun modo que haberá de ser en boa medida autodirixido ou autónomo. |
| B6 | Capacitación dos estudantes para que adquiran coñecementos lingüísticos especializados e habilidades para analizar criticamente as propostas máis relevantes no ámbito dos estudos lingüísticos. |
| B7 | Adquisición dos fundamentos metodolóxicos e críticos que permitan aos estudantes acceder ao exercicio da actividade profesional cunha formación versátil e interdisciplinar. |
| B8 | Capacidade dos estudantes no manexo das novas tecnoloxías da información e da comunicación aplicadas ao campo dos estudos lingüísticos, así como indicar a súa utilidade na práctica profesional e investigadora. |
| B9 | Capacidade dos estudantes para abrir vías de investigación novidosas no ámbito dos estudos lingüísticos, dotándoas de aplicación práctica para a súa transferencia a distintos ámbitos profesionais |
| B10 | Capacidade dos estudantes para comprender as interrelacións pertinentes entre os diversos ámbitos de estudo que integran o máster. |
| C1 | Expresión correcta, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma. |
| C2 | Dominio da expresión e a comprensión oral e escrita dun idioma estranxeiro. |



| | |
|----|--|
| C4 | Desenvolvemento para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. |
| C5 | Comprensión da importancia da cultura emprendedora e coñecemento dos medios ao alcance das persoas emprendedoras. |
| C6 | Valoración crítica do coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben afrontarse. |
| C7 | Asunción, como profesional e como cidadán/a, da importancia da aprendizaxe ao longo da vida. |
| C8 | Valoración da importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade. |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|---|----------------------------------|---|---------------------------------|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias do título | | |
| Descibir e analizar a relación entre lingua e sociedade e tamén interpretar a complexidade dos fenómenos sociolingüísticos. | AI1 AI7 AI8 AI9 | BI1 BI2 BI3 BI4 BI5 BI6 BI7 BI8 BI9 BI10 | CM1 CM2 CM4 CM6 CM8 |
| Coñecer, analizar e interpretar diversos procesos de normalización e de planificación lingüística. | AI1 AI7 AI8 AI9 AI10 | BI1 BI2 BI3 BI4 BI5 BI6 BI7 BI8 BI9 BI10 | CM1 CM2 CM6 CM7 |
| Coñecer e programar obxectivos e medidas de planificación lingüística | AI7 AI9 | BI1 BI2 BI3 BI4 BI5 BI6 BI7 BI8 BI9 BI10 | CM1 CM2 CM4 CM5 CM7 |

| Contidos | |
|--------------------------------|---|
| Temas | Subtemas |
| 1. A planificación lingüística | 1.1. Historia conceptual e disciplinar. Escolas, teorías e metodoloxías 1.2. Tipoloxías da planificación lingüística. Escalas de investigación e aplicación. 1.3. Procesos, axentes e instrumentos. |



| | |
|--|--|
| 2. Lingua, sociedade e identidades | 2.1. Diversidade lingüística e políticas identitarias 2.2. Planificación lingüística e procesos de substitución. Normalización lingüística e linguas minorizadas no Estado español. 2.3. Planificación da lingua galega: antecedentes e etapa contemporánea. |
| 3. Metodoloxías para a planificación lingüística | 3.1. Implantación e dinamización lingüísticas. 3.2. Elaboración, aplicación e avaliación: metodoloxías e instrumentos. 3.3. Alternativas para a planificación da lingua galega. |

| Planificación | | | | |
|------------------------|---|-------------------|---|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias | Horas presenciais | Horas non presenciais / traballo autónomo | Horas totais |
| Lecturas | A1 A8 A9 A10 B1 B3 B5 B6 B7 B8 B9 B10 C1 C2 C4 C6 | 3 | 15 | 18 |
| Presentación oral | A7 A8 A9 A10 B1 B2 B3 B4 B8 C1 C2 | 1 | 12 | 13 |
| Seminario | A1 A7 A9 A10 B2 B3 B4 B6 B7 B8 B10 C1 C2 C7 | 6 | 30 | 36 |
| Sesión maxistral | A1 A7 A8 A9 A10 B1 B3 B5 B6 B7 B8 B9 B10 C5 C8 | 5 | 0 | 5 |
| Atención personalizada | | 3 | 0 | 3 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías | |
|-------------------|---|
| Metodoloxías | Descrición |
| Lecturas | Análise e comentario de textos sobre a planificación lingüística como concepto e disciplina, e textos da sociolingüística galega contemporánea. |
| Presentación oral | A alumna-o realizará unha exposición oral, no fin do mestrado, relativa a un dos puntos do temario. |
| Seminario | Discusión fundamentada sobre o concepto de planificación lingüística, a súa configuración disciplinar e as súas aplicacións, e sobre sociolingüística e normalización da lingua galega. |
| Sesión maxistral | O profesor impartirá os coñecementos precisos para a análise de diferentes contidos ligados á planificación lingüística, do proceso de normalización da lingua galega e do desenvolvemento de metodoloxías planificadoras nesta área. |

| Atención personalizada | |
|--|---|
| Metodoloxías | Descrición |
| Presentación oral Sesión maxistral Lecturas Seminario | O profesor encargárase de recibir e asesorar as/os alumnas/os en todas e cada das cuestións que precisaren, ao tempo tratará en todo momento lles facer as observacións, indicacións puntuais bibliográficas etc. que puideren ser do seu interese. Poderá ser desenvolvida a través do correo electrónico, da plataforma Teams ou, se as circunstancias o permitiren, en modalidade presencial. A atención personalizada será especialmente relevante e necesaria no caso do alumnado a tempo parcial ou con dispensa académica. |

| Avaliación | | | |
|--------------|--------------|------------|---------------|
| Metodoloxías | Competencias | Descrición | Cualificación |



| | | | |
|-------------------|---|---|----|
| Presentación oral | A7 A8 A9 A10 B1 B2 B3 B4 B8 C1 C2 | A alumna-o realizará unha exposición oral, no fin do mestrado, relativa a un dos puntos do temario. | 40 |
| Lecturas | A1 A8 A9 A10 B1 B3 B5 B6 B7 B8 B9 B10 C1 C2 C4 C6 | Análise e comentario de textos sobre a planificación lingüística como concepto e disciplina, e sobre sociolingüística galega contemporánea. | 30 |
| Seminario | A1 A7 A9 A10 B2 B3 B4 B6 B7 B8 B10 C1 C2 C7 | Discusión fundamentada sobre o concepto de planificación lingüística, a súa configuración disciplinar e as súas aplicacións, e sobre sociolingüística e normalización da lingua galega. | 30 |

Observacións avaliación

1. Para superar a materia será necesario asistir regularmente ás aulas, realizar como mínimo o 60% das actividades propostas e obter como mínimo unha nota de 4 valores, sobre 10, na presentación oral. 2. Recibirán a cualificación de non presentado os/as estudantes que non asistiren regularmente ás aulas e/ou non realizaren, como mínimo, o 60% das actividades propostas. 3. Calquera falta de honradez académica (plaxio, é dicir, utilización de textos ou ideas doutros autores sen indicar a procedencia, copia en exercicios ou traballos, ou outras variabeis destas características) será penalizada coa anulación total da actividade de que se trate e a penalización correspondente en virtude da normativa vixente.

4. A materia poderá ser adaptada ao estudiantado que precise da adopción de medidas encamiñadas ao apoio á diversidade. De ser o caso, deberán contactar cos servizos dispoñíbeis na UDC/no Centro: nos prazos oficiais estipulados de maneira previa a cada cuatrimestre académico, coa Unidade de Atención á Diversidade (<https://www.udc.es/cufie/ADI/apoioalumnado/>); no seu defecto, coa Titular ADI da Facultade de Filoloxía (no seguinte enderezo electrónico: pat.filoloxia@udc.gal).

5. Na segunda oportunidade (convocatoria de xullo), o alumnado será avaliado co mesmo sistema previsto para a primeira oportunidade. Deberá realizar aquelas actividades non entregadas na primeira convocatoria, ou que non obtiveron como mínimo o 40% da nota máxima de cada actividade. 6. A data de entrega das actividades non superará as 2 semanas despois da finalización do curso e será anunciada polo profesor con antecedencia suficiente. 7. O alumnado a tempo parcial ou con dispensa académica terá o seguinte sistema de avaliación: lecturas (40%) e traballo tutelado (60%). O traballo tutelado versará sobre os mesmos temas e terá unha estrutura análoga á prevista para a presentación oral na primeira convocatoria. 8. Na convocatoria adiantada de decembro será aplicado o mesmo sistema de avaliación indicado para o alumnado a tempo parcial ou con dispensa académica.

Fontes de información



| | |
|------------------------------------|---|
| Bibliografía básica | <ul style="list-style-type: none"> - Ammon, Ulrich (ed.) (2001). The dominance of English as a language of science effects on other languages and language communities. Berlín: Mouton de Gruyter - Bastardas i Boada, Albert (1997). ?Política y planificación lingüísticas?. C. Martín Vide (ed.), Elementos de lingüística. Barcelona: Octaedro, 341-360 - Calvet, Louis-Jean (2007). As políticas lingüísticas. São Paulo: Parábola - Carvalho Calero, Ricardo (1992). Umha voz na Galiza. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco - Cooper, Robert L. (1989). Language Planning and Social Change. Cambridge: Cambridge University Press - Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2002). Lingua galega: normalidade e conflito. Santiago de Compostela: Laiovento - Galanes Santos, Iolanda (1998). Os procesos de implantación lingüística. Disponível en http://kit.consellodacultura.gal/materiais-de-cursos-e-xornadas/ - García Negro, María Pilar (2000). Dereitos lingüísticos e control político. Santiago de Compostela: Laiovento - García Negro, María Pilar (2009). De fala a lingua: un proceso inacabado. Brión: Laiovento - Haugen, Einar (1987). Blessings of Babel Bilingualism and Language Planning : problems and pleasures. Berlín: Mouton de Gruyter - Herrero Valeiro, Mário (2011). Guerra de grafías. Conflito de elites. Compostela: Através Editora - Herrero Valeiro, Mário (2015). A normalização lingüística. Uma ilusão necessária. Compostela: Através Editora - Kennedy, Chris (1992). "Language Planning". Language Teaching, 15, 4: 264-284. - Lorenzo Suárez, Anxo (2005). ?Planificación lingüística de baixa intensidade: o caso galego?. Cadernos de Lingua 27, pp. 37-59. - Ninyoles, Rafael (2005). Idioma e poder social. Ames: Laiovento - Rodríguez, Francisco (1998). Conflito lingüístico e ideoloxía na Galiza. Santiago de Compostela: Laiovento - Sanmartín Rei, Goretti (2010). Lingua e futuro. Brión: Laiovento - Vaquero Quintela, Isabel (2012). Traballarmos en dinamización lingüística (unha introdución). Santiago de Compostela: CTNL |
| Bibliografía complementaria | |

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías